

NEWS FROM HOME

Chantal Akerman, 1976

1080

ESTREA EN NUMAX: 14.03.2023 | V.O.S.E. | 85 min

Chantal Akerman compón unha fermosa amalgama entre a correspondencia que mantén coa súa nai e as imaxes cotiás de Nova York, capturadas baixo o seu ollo singular.

«Un decálogo arredor da nostalxia disfrazada de pequenos retallos de memoria»

Rubén Redondo, CINE MALDITO



Algúnhas cartas de News from Home

Por Natalia Akerman

A miña querida pequena, recibín a túa carta e espero que me sigas escribindo. De todas formas, espero que volvas pronto. Espero que todo siga ben e que encontraras traballo. Vexo que che gusta Nova York e que estás contenta. Polo tanto, nós tamén estamos contentos, aínda que nos gustaría verte pronto. Dinos cando pensas volver. Por aquí todo segue igual, salvo que Sylviane ten gripe e queda na casa e eu non me atopo moi ben. Teño a tensión baixa e tomo pastillas e vitaminas. Hoxe é o meu aniversario e estou triste. É sábado, estamos na tenda, todo está tranquilo, aburrímonos. Esta noite iremos comer cos amigos, é todo o que farei polo meu aniversario. Pronto é o teu, deséxoches o mellor do mundo, ben o sabes. Escríbeme sobre o teu traballo e sobre todo, sobre Nova York. Estou impaciente por ter noticias de ti. Mandámosche apertas ben fortes os tres e pensamos en ti todo o tempo. A túa nai que te quere.

A miña querida pequena, sorpréndeme moito non ter noticias túas. A última carta era de hai dez días. Pregúntome que pasou, sobre todo porque eu respondo inmediatamente e metín vinte dólares na carta. Espero que a recibiras. Escríbeme pronto coas túas noticias porque sabes que espero impacientemente. Vivo ao ritmo das túas cartas. Non me deixes sen noticias. Sonia tamén pregunta por ti, escríbelle algo, por favor. Querida, por aquí nada especial, o verán é estraño, non fai calor pero anuncian altas temperaturas para os próximos días. Os negocios van ben. Papá está preocupado sobre todo porque pediu un gran préstamo; e eu abúrrome na tenda. Sylviane rematou por fin os seus exames. Vén acompañarme. Todo o mundo está igual, así que esperamos. Esta noite, non facemos gran cousa xa que Thèrese tamén está enferma, así que pasaremos a noite diante da televisión, como sempre. Querida, pensamos moito en ti e esperamos que todo vaia como desexas, e só che pedimos unha cousa: que non te esquezas de nós. Escribe. Miles e miles de abrazos. Papá, Sylviane e a túa nai que te quere.

A miña querida pequena, acabo de recibir a túa carta despois de enviar o mesmo día outra, asustada de non ter noticias túas. Estou contenta de saber que vas ben. Que todo vai como queres. Esta vez pasamos dunha carta a outra. Entendo que esteas ocupada, pero iso non debe impedirche escribirme porque é todo o que me queda. Polo que me escribes non tes intención de volver pronto. Vólvese longo, bótote moito de menos. Este domingo, celebramos o aniversario de (...) -toda a familia estaba aquí menos ti. Fixemos fotos, enviareichas cando estean listas. Vas ver o ben que fala, e le un pouco. É grande e fermosa como o sol (...). Lanzouse aos brazos de papá e xa non o deixou en todo o día. Para Lili tamén é triste. A ela gustaríalle ter un fillo así de nova. Agora, non é fácil volver casar, e en Bruxelas, sobre todo. O 10 de xullo celebramos o aniversario de Sylviane, de novo sen ti. Empezo a estar cansa. Perdoa, divago, pero que esteas contenta é o principal. Remato abrazándote unha e mil veces. E papá tamén te abraza moi, moi forte. E espero verte pronto. A túa mamá que pensa en ti e te quere.

Máis cartas en elumiere.net

Transcripción realizada orixinalmente por Brigitte Dauge por suxerencia de Chantal Akerman e publicada orixinalmente en *Bandes(s) à part*, Bobigny, 25, 2014, Le Magic Cinéma, 2014.



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

Una familia en Bruselas,
Chantal Akerman.
Tránsito, 2021

Nada Ocorre.
Hiperrealismo cotidiano
en Chantal Akerman,
Ivone Margulies.
8mm, 2018

Mi madre se ríe,
Chantal Akerman.
8mm, 2019